

PROXECTO LECTOR DE CENTRO

1



CEP PLURILINGÜE IGREXA VALADARES

2024/2025 – 2029/2030

ÍNDICE

XUSTIFICACIÓN

PÁXINA 3

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

PÁXINA 4

CONTEXTUALIZACIÓN

P7ÁXINA 6

OBXECTIVOS

PÁXINA 8

FUNCIÓNS DO/A COORDINADOR/A, DOS INTEGRANTES DO EQUIPO E DA COMISIÓN DE BIBLIOTECA

PÁXINA 11

METODOLOXÍA

PÁXINA 13

RECURSOS

PÁXINA 15

ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E TEMPOS

PÁXINA 16

ACTIVIDADES

PÁXINA 17

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

PÁXINA 24

BIBLIOGRAFÍA

PÁXINA 26

XUSTIFICACIÓN

No proxecto lector de centro que segue pretendemos recoller as actuacións e intervencións do CEP Plurilingüe Igrexa Valadares destinadas a mellorar as competencias básicas de lectura e de escritura do alumnado en todas as áreas do currículo e á adquisición dunha competencia informacional que hoxe en día, consideramos necesaria.

A adquisición de estratexias de busca, selección, valoración, uso e produción de información en diferentes soportes e formatos, así como a adquisición do hábito lector e o gusto pola lectura, son imprescindibles para a adquisición das competencias básicas. Para conseguir que o alumnado acade estas competencias básicas é preciso a implicación de todo o profesorado, de xeito que dende todas as áreas e ciclos se traballe na mesma dirección. Por iso este é un documento consensuado he pensado polo claustro.

Pretendemos manter a biblioteca escolar como recurso fundamental para a consecución dos obxectivos que se propoñen máis adiante, sendo o eixe central das actividades encamiñadas a estimular o hábito lector e a desenvolver os procesos de ensino- aprendizaxe.

Pretende ser un documento: flexible, consensuado, realista, contextualizado e operativo.

Este documento será ademais a referencia para a Programación do Plan Anual de Lectura que se incorpora á Programación Xeral Anual. Tamén se incorporará ao Proxecto Educativo de Centro. As actividades previstas integraranse nas diversas programacións de nivel e de ciclos.

REFERENCIAS LEXISLATIVAS

Consideramos imprescindible deixar constancia das referencias lexislativas que abalan as nosas actuacións dende a Biblioteca escolar:

Ley Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOMLOE):

- ✧ Capítulo II, artigo 16, principios xerais: “ A finalidade da Educación Primaria e facilitar os alumnos/as as aprendizaxes da expresión e comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, e o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas e de preparamos para cursar con aproveitamento a ESO”.
- ✧ Artigo 19.2 “sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballarase en toda as áreas”.
- ✧ Artigo 19.3. (Primaria): “Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura todos os centros educativos dedicarán un tempo diaria a esta, nos termos recollidos no seu proxecto educativo”.

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia:

- ✧ Artigo 4, fins: “ A finalidade da educación primaria é facilitarlle ao alumnado as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, as habilidades lóxicas e matemáticas, a adquisición de nocións básicas da cultural e o hábito de convivencia, así como es de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, con fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade, e de preparamos para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.
- ✧ Artigo 7, obxectivos da etapa: “e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura”.
- ✧ Artigo 16, principios pedagóxicos: “5. A lectura constitúe un factor fundamental

para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centro docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular”

- ✧ Título III, plans educativos, artigo 33 “bibliotecas escolares e aproximación á lectura”:
 - Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.
 - Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promoverla como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

CONTEXTUALIZACIÓN

O CEP plurilingüe Igrexa Valares é un centro situado nunha zona urbana do Concello de Vigo (parroquia de Santo André de Valadares).

Tal e como recolle o PEC o 99% do noso alumnado naceu en Vigo e reside en diferentes barrios da parroquia. O nivel de estudos dos pais/nais pódese considerar medio aínda que se nota un progresivo aumento pasando nos últimos anos dunha tendencia técnico-profesional a estudos universitarios.

O traballo dos mesmos repártese entre profesións liberais relacionadas coa construción ata empregados de empresas na cidade de Vigo. Todo isto complementado con traballos agrícolas en diminución.

A parte cultural está cuberta polo Centro Veciñal con un amplo poder asociativo e de convocatoria. Dito centro conta cunha Biblioteca que permanece aberta ao público en todo o seu horario de apertura. Tamén temos unha Biblioteca no barrio de Freixo de máis recente creación.

ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No que respecta aos lectores

Dos estudos feitos na comunidade educativa deducimos:

- Que os nenos e nenas do colexio len pola noite ou ao rematar as tarefas escolares.
- Que len xeralmente cómics, ou libros de aventuras.
- Teñen entre 20 e 40 libros na súa casa
- A maioría cualificaríase cun 7 ou 8 (de 0 a 10) se lle preguntas canto lle gusta ler.
- A case todos lles gusta máis ler que escribir.
- A maioría cren que a “Hora da Lectura” no colexio é excelente.

Identificación de dificultades.

Nos cursos pasados detectamos no alumnado do noso centro as seguintes dificultades en relación coa lectura:

- Problemas na lectura comprensiva de poemas.
- Pouca fluidez na lectura en galego.

- ❖ Dificultade de comprensión de símbolos e de enunciados dalgunhas actividades por carencia de vocabulario.
- ❖ Dificultades para relacionar conceptos, extrapolar os mesmos a outras áreas...
- ❖ Pobreza na interpretación gráfica, deducións, resolución de problemas baseados en feitos da vida cotiá, análise de informacións ...

Dende hai varios cursos, a Biblioteca escolar converteuse no eixe central de múltiples actividades encamiñadas a estimular o hábito lector, o manexo de información e a creatividade. Alumnado e profesorado fan uso dela como recurso de uso cotiá, asociado ao traballo que se fai diariamente nas aulas. O número de usuarios e de empréstitos amentou nos últimos cursos, e tamén o fixo o nivel de competencia lectora do noso alumando.

No que respecta ao fondo da biblioteca, creceu significativamente nos últimos cursos pero aínda non acadamos o equilibrio entre os fondos de consulta e os de literatura recreativa.

Situación actual da biblioteca escolar:

Contamos cunha boa Biblioteca central dotada con máis de 5.000 volumes e que dende o curso 2007-2008 está inmersa nos programas de MELLORA DAS BIBLIOTECAS ESCOLARES da Consellería de Educación.

Está dotada de todo tipo de material e recursos (revistas de interese educativo, contos, relatos, cómics, obras de teatro, cancións, poemas, enciclopedias, ilustracións, fotografías, debuxos, monografía, biografías, dicionarios, manuais, guías, lecturas literarias que axudan a ampliar coñecementos adquiridos a través das diferentes áreas e materias, programas educativos interactivos...), en diferentes formatos e soportes (visuais, sonoros, audiovisuais, informáticos, multimedia, papel...)

A Biblioteca ten unha programación anual (Plan anual de lectura) na que continuaremos elixindo un proxecto documental integrado de centro (PDI), que englobe a todos os niveis e todas as áreas do currículo. Conta coa participación de todo o profesorado do centro.

OBXECTIVOS

O obxectivo último é facer dos nosos alumnos lectores competentes en todos os soportes e contextos, entendendo por lector competente aquel que manifesta as seguintes habilidades:

- Emprega os coñecementos previos para darlle sentido á lectura.
- Dirixe de xeito autónomo a súa lectura.
- Emprega estratexias para acadar a comprensión.
- Distingue o importante do que non o é en función da finalidade da lectura.
- Resume o lido como estratexia de comprensión.
- Realiza inferencias: comprensión de termos polo contexto.
- Realiza preguntas sobre o lido.

Para a consecución de ditas habilidades, é preciso traballar en prol dos seguintes obxectivos:

- Desenvolver a competencia lectora.

O desenvolvemento desta competencia implica o aprendizaxe dos distintos códigos (escritos, visuais, sonoros...), o traballo con distintos tipos de textos (narración, poesía, banda deseñada, fotografía, publicidade, imaxe...), o uso de diversas estratexias de comprensión lectora (antes, durante e despois da lectura) e a integración das TIC e de prácticas lectoras en todos os soportes en situacións contextualizadas.

- Favorecer a competencia literaria.

Trátase de conseguir que o alumnado lea literatura polo propio pracer de ler e tamén para realizar determinadas tarefas curriculares. Para iso, debemos ofrecer unha diversidade de textos suficientemente ampla (xéneros e contido) e progresivamente máis esixente co lector (nivel de complexidade). Un dos piares desta competencia é o itinerario lector de Centro, é dicir, a selección de obras e autores que queremos que todos e cada un dos nosos alumnos coñezan ao rematar a Educación Primaria.

- Educar no uso crítico da información.

Para que o noso alumnado adquira a denominada competencia informacional (comprensión, utilización ética e avaliación crítica de diferentes formas de información) é preciso deseñar actividades de busca, selección e produción de información para os distintos niveis: formación de usuarios, tipos de documentos, uso de Internet, pasos para facer un traballo documental...

- ❖ Fomentar o hábito de lectura.

É moi importante que os alumnos adquiran hábitos lectores dende ben pequenos e para conseguilo é preciso crear ambientes lectores, onde se favoreza o achegamento aos libros e á lectura. A biblioteca escolar ten un papel fundamental neste propósito, pois é ela a encargada de dar protagonismo aos textos, de propoñer actividades para toda a Comunidade Educativa, de ofrecer modelos... en definitiva, de propiciar encontros entre libros e lectores que duren toda a vida.

- ❖ Apoiar a adquisición das competencias básicas.

Todas as actuacións derivadas deste proxecto están encamiñadas a favorecer a adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia persoal, social e de aprender a aprender, da competencia en conciencia e expresións culturais, e da competencia dixital.

- ❖ Consolidar a Biblioteca escolar como centro de recursos e cultural do Centro e da Comunidade Educativa.

Segundo o Marco de referencia para as bibliotecas escolares (2011), estas defínense como “centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornos educativos específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa”.

Teremos pois, como **obxectivos e actuacións fundamentais a nivel de organización do centro** os seguintes:

- ❖ Impulsar o ensino da lectura atendendo aos marcos conceptuais que garanten o seu mellor aprendizaxe.
- ❖ Garantir a continuidade dos enfoques didácticos utilizados, coherentes cos fins e obxectivos propostos, superando as contradicións na ensinanza da lectura.

- ❖ Potenciar a utilización de diversas fontes de información e documentación, en distintos formatos e soportes, para o desenvolvemento da competencia lectora e do hábito lector.
- ❖ Ofrecer ao profesorado una formación axeitada en relación cos enfoques didácticos comunicativos e funcionais para a ensinanza e o aprendizaxe da lectura.
- ❖ Crear un clima lector en todo o centro mediante a implicación de toda a comunidade educativa contribuíndo á extensión da práctica lectora e aproximando os valores culturais e educativos das lecturas críticas ao centro.
- ❖ Favorecer, dentro da autonomía do centro, a adopción de decisións organizativas, en torno á ensinanza da lectura tendo en conta: o respecto á necesaria coordinación, os tempos, a axeitada selección de materiais, e os recursos dispoñibles (bibliotecas, tecnoloxías da información e da comunicación...), etc.

Actuacións:

- ❖ Acordo entre todo o profesorado do centro sobre os instrumentos e recursos que se estimen necesarios para a adopción de decisións e actuacións colexiadas relativas á ensinanza e aprendizaxe da lectura.
- ❖ Revisión da Programación Xeral Anual e das programacións dos distintos niveis, potenciando a incorporación, de enfoques didácticos comunicativos e funcionais que permitan a formación de lectores competentes.
- ❖ Potenciación dunha formación permanente do profesorado axeitada ós fins que se sinalan neste eixe de actuación.

Tendo en conta que o obxectivo principal é que ningún alumno/a saia do centro sen acadar unha mínima competencia lectora é, polo que, no Plan de Reforzos e Apoios do centro e da atención a Diversidade deben estar incorporados os programas de comprensión lectora.

FUNCIÓN DO/DA COORDINADOR/A DA BIBLIOTECA ESCOLAR, DOS INTEGRANTES DO EQUIPO E DA COMISIÓN DA BIBLIOTECA

FUNCIÓN DO COORDINADOR/A DA BIBLIOTECA ESCOLAR

- Elaborar a programación anual de biblioteca escolar, atendendo aos proxectos curriculares do centro a unha memoria final.
- Coordinar deseño e posta en práctica do Proxecto Lector de Centro.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
- Informar ao Claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
- Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación de alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.

FUNCIÓN DOS INTEGRANTES DO EQUIPO DE BIBLIOTECA

- Apoiar ao responsable da biblioteca na súa organización e dinamización.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado co fin de mellorar as intervencións e colaborar no desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

FUNCIÓN DA COMISIÓN DE BIBLIOTECA

- ❖ Analizar as necesidades da biblioteca escolar referidas á infraestrutura, equipamento, mantemento e atención en horario lectivo e en horario extraescolar.
- ❖ Realizar propostas ao Consello Escolar para as melloras necesarias.
- ❖ Xestionar a apertura da biblioteca en horario extraescolar, procurando as necesarias colaboracións e garantindo que todas as intervencións se realizarán seguindo os criterios establecidos polo equipo de apoio e o responsable da biblioteca escolar.
- ❖ Propor estratexias de colaboración entre a biblioteca escolar e a biblioteca pública máis próxima.
- ❖ Promover actividades de sensibilización e dinamización cultural entre toda a comunidade escolar.
- ❖ Realizar propostas para a adquisición de fondos e equipamento, co correspondente proxecto orzamentario, que se remitirán ao Consello Escolar.
- ❖ Realizar xestións cos sectores culturais, educativos, sociais e económicos do contorno do centro educativo que poidan colaborar coa biblioteca escolar e os seus obxectivos.



Segundo o Real Decreto do Currículo Básico a Metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos formulados.

No Currículo galego, Artigo 16. *Principios metodolóxicos* recóllese que a metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa.

A nosa metodoloxía tenta ser ademais, flexible e aberta, para adaptarse en cada momento ás capacidades, necesidades e intereses do alumnado; intentamos que os nenos e nenas sexan conscientes do que se agarda deles, para reforzar a súa seguridade e hábito de traballo.

Tentamos achegarnos, cas actividades propostas, ao primeiro chanzo do **Cono de Aprendizaxe de Edward Dale**, que representa a profundidade de aprendizaxe realizado ca axuda de diferentes medios e ca práctica dos exercicios, pero pasando por todos eles, chegando desta forma, ó máis alto Nivel de Pensamento da **Taxonomía de Bloom**: analizar, avaliar e crear. Partindo do nivel de desenvolvemento do alumno e chegando á consecución de aprendizaxes significativas.

As estruturas de **aprendizaxe cooperativo** posibilitan a resolución conxunta das tarefas e dos problemas, e potenciarán a inclusión do alumnado, para tal fin a clase quedou dividida dende o primeiro trimestre en catro grupos que duraron un mínimo de dous meses, en función da súa funcionalidade.

Para acadar este enfoque metodolóxico procuramos:

- ▀ Actividades adaptadas ás necesidades, intereses e características da comunidade Educativa.

- Enfoque funcional e operativo.
- Reflexión e traballo conxunto e coordinado por todos os membros.
- Flexibilidade na dinámica de traballo.
- Apertura á participación de toda a Comunidade Educativa.
- Motivación e participación activa do alumnado. ÇBusca de aprendizaxes significativos.
- Incorporación de novos recursos, soportes e contextos.



RECURSOS

ENTRE OS RECURSOS HUMANOS SALIENTAMOS:

- ❖ O alumnado, en torno a quen xiran a maioría das propostas.
- ❖ As familias, que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores.
- ❖ Todo o profesorado, que colabora na elaboración e na posta en marcha deste proxecto, incluíndo nas programacións as actividades previstas segundo a temporalización acordada no Plan anual de lectura.
- ❖ O Equipo de Biblioteca, responsable de coordinar o proxecto e de facilitar os recursos necesarios para a consecución dos obxectivos.
- ❖ O Departamento de Orientación e a Comisión de Coordinación Pedagóxica axudan a facer as adaptacións específicas que se precisen e ofrecen orientación ás familias e ao entorno máis próximo do alumnado.
- ❖ O Equipo Directivo, que ten a responsabilidade de garantir a nivel organizativo e de material a posta en marcha do proxecto.
- ❖ As entidades culturais do entorno, coas que colaboraremos sempre que sexa posible no deseño e posta en marcha de actividades. Os máis salientables son o CRA Monte do Alba e o Centro Cultural de Valadares, ca súa biblioteca.

ENTRE OS RECURSOS MATERIAIS:

- ❖ A biblioteca escolar e os seus fondos que hai nela ou emprastados nas bibliotecas de aula.
- ❖ Os ordenadores e a Web.
- ❖ As maletas viaxeiras.
- ❖ Os libros aportados polas familias do alumnado das bibliotecas familiares.
- ❖ A Páxina web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/cepigrexavaladares/>) e O Blogue da Biblioteca (<http://biblioavaladares.blogspot.com/>)

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

Todos os fondos do centro serán xestionados dende a biblioteca escolar. Os fondos destinados ao alumnado estarán na sala principal, podendo as aulas levar empréstados fondos para as bibliotecas de aula.

Os fondos para adultos estarán nun estante deseñado para tal fin e no espazo do “Club de lectura”.

Cada grupo clase terá asignada unha hora semanal na biblioteca para a realización de actividades de fomenta da lectura, formación de usuarios, empréstito, educación documental, traballos de investigación... que o titor considere oportunas.

O Equipo de biblioteca terá reservadas unas sesións para o traballo de xestión e organización de fondos, preparación de actividades, formación de usuarios...

Durante os recreos e durante as quendas de tarde a biblioteca estará atendida polo profesorado para empréstitos, consulta en sala, lectura, uso dos postos de ordenador con conexión a Internet...

Todos os días, durante a Hora de ler, as aulas adicarán un tempo de trinta minutos á lectura pracenteira. Neste tempo o alumnado poderá ler libros, revistas, xornais...

ACTIVIDADES

A proposta de actividades será flexible , é dicir, variará en función da participación, do resultado, do grao de motivación despertado, do interese por parte dos destinatarios...

ITINERARIO LECTOR

Dentro da programación das áreas de Lingua galega e literatura e Lingua castelá e literatura a biblioteca escolar, en colaboración cos equipos de ciclo, propón unhas obras literarias que serán de lectura obrigada para todos os alumnos do curso.

Non ten por que haber un traballo específico relacionado con estas obras, pois o obxectivo é que todos e cada un dos nenos do centro, unha vez rematada a súa estancia nel, coñezan certas obras e certos autores considerados imprescindibles. É a forma de por en práctica o itinerario lector do colexio, formado polas lecturas que consideramos básicas nas idades que abarca este período formativo. De momento as obras seleccionadas son:

ITINERARIO LECTOR	
Curso	Obras
1º Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none">A sombra dos anacardios.Nacho chinchones.
2º Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none">Os soños na gaiola.El hombrecillo de papel.
3º Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none">Cando a terra esqueceu xirar.Cuentos en verso para niño perversos.
4º Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none">Un tren cargado de misterios.El diario de Greg I.
5º Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none">O misterio dos fillos de lúa.
	<ul style="list-style-type: none">Nunca juegues con una bruja.
6º Educación Primaria	<ul style="list-style-type: none">Mil cousas poden pasar.Manolito gafotas.

HORA DE LER:

Existirá un tempo mínimo de lectura diaria, para que ler sexa un dos hábitos máis importantes da rutina escolar. En todos os cursos haberá diariamente un tempo de 30 minutos para a lectura, a cargo dun profesor, que estará incluído no horario.

- ❖ O tempo de ler enfócase como un momento de goce coa lectura, polo que o profesorado supervisará que todos e todas lean, poñendo especial atención no tipo de lectura que fan, especialmente aquel alumnado que máis o precise. Non pode ser destinado ese tempo para outra actividade (como falar, facer tarefas atrasadas ou adiantar deberes, etc).
- ❖ Fomentárase os diferentes tipos de lectura na hora de ler, pois comprobamos que ao alumnado lle gusta compartir lectura. É preciso sinalar aquí que aos alumnos tamén lles gusta “recibir” lectura. O feito de ver e escoitar ler ao profesor é moi motivador para eles.
- ❖ Os fondos destinados ao alumnado estarán na biblioteca, podendo as aulas levar emprestados fondos (temporal ou permanentemente) para as bibliotecas de aula.
- ❖ As modalidades de lectura pode ser diversas: colectiva en alto, individual, que sexa o profesorado o que lea, un grupo de alumnado ao resto, etc. Será decisión da mestra ou mestre esa elección, coa correspondente planificación.
- ❖ A criterio do profesor/a, este tempo de lectura pode ser realizado fóra da aula: no patio, nos xardíns, etc.
- ❖ Esta actividade diaria será impartida tanto polo profesorado titor como polo profesorado especialista.

MOCHILAS VIAXEIRAS E CONTOS VIAXEIROS

Temos dúas mochilas por aula que van visitando as casas de todos os alumnos. Nela inclúense: tres libros de lectura para o alumno (galego, castelás e inglés, variando os xéneros), un libro de lectura en galego ou castelán para adultos, un libro para toda a familia (traballos manuais, receitas, xogos...) un CD, un DVD, un

caderno de suxestións e o Conto viaxeiro, que irá enchendo as súas páxinas pouco a pouco grazas á colaboración das familias.

RECOMENDACIÓN LECTORAS:

Tanto antes do Nadal como antes das vacación de verán entregaremos uns boletíns que inclúen unhas guías de lectura que servirán de referencia ao alumnado e ás familias á hora de adquirir libros. A experiencia nos di que ás veces os pais non mercan máis libros porque non saben cales son axeitados para os seus fillos.

AS CARTAS DE RAPOCHÁ:

Cada mes, a mascota da nosa biblioteca propondrá diversas actividades e concursos a través dunha carta que enviará a todas as aulas, é unha forma de facer a todos partícipes da biblioteca.

CONCURSOS

Convocaremos cada trimestre un concurso de expresión. Tentaremos variar o formato para dar cabida á oralidade, á creación plástica, á escritura literaria...

APADRIÑAMENTOS LECTORES

Os alumnos de 6º, 5º e 4º apadriñarán, respectivamente, aos alumnos de 1º, 2º e 3º para lerlles durante a hora de lectura nas datas establecidas previamente polos titores de ambos os dous grupos (polo menos unha vez ao trimestre).

Para a preparación das lecturas contarán coa axuda dos titores nas materias de lingua galega e lingua castellana.

CLUB DE LECTURA:

Toda a comunidade educativa ten a posibilidade de formar parte dun club de lectura. O club, a cargo dun profesor, reúne coa periodicidade establecida para charlar sobre a lectura e compartir opinións.

CELEBRACIÓN DO DÍA DO LIBRO

A actividade para conmemorar esta data tan sinalada no mundo das bibliotecas variará anualmente, en función das propostas do Claustro e da temática de cada curso na escola.

TRÍPTICOS.

Trimestralmente prepararemos uns trípticos con actividades con diferentes niveis de dificultade para traballar o tema anual do centro.

ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

O equipo de Biblioteca deseñará e porá en práctica actividades de formación de usuarios e educación documental adaptadas aos distintos niveis.

PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS

Cada aula traballará sobre un aspecto relacionado co tema anual elixido polo Claustro.

Co titor como guía, buscarán, seleccionarán e elaborarán información, que terán que comunicar a todo o colexio nunha exposición ao final dalgún dos trimestres.

BOLETÍNS DE BIBLIOTECA

O Equipo de biblioteca redactará un boletín para adicar unhas páxinas a contar o que se fixo durante o curso, o funcionamento dos servizos da biblioteca...

DICCIONARIOS TEMÁTICOS:

Os dicionarios temáticos para a adquisición e ampliación do vocabulario elaboraranse segundo o proxecto que se está a traballar durante o período de tempo que se estableza.

CONTAMOS MOITO

No apartado do fomento da lectura seguiremos coa experiencia, no 1º e 2º nivel dos cadernos “Contamos moito”, nos que participan o alumnado e as súas familias; os rapaces len e fan un debuxo e un pequeno resumo coa axuda dos seus proxenitores.

Outras actividades como ler en rebaixas, exposicións de libros na “biblio” e nos corredores, a celebración de Abril (Mes dos libros, concursos), Letras Galegas continuarán formando parte das actividades en relación ao fomento da lectura en colaboración co EDLG.

Tamén poremos coidado na motivación, ambientación e decoración de espazos con exposición de fondos para as diversas conmemoracións e temáticas traballadas ao longo do curso escolar.

Non se perderá ningunha ocasión de colaborar con outros equipos para:

- 👉 Planificar obradoiros de poesía, teatro, radio...
- 👉 Promover a participación das familias nas actividades de lectura.
- 👉 Elaborar materiais que axuden ao proceso de ensino- aprendizaxe da lecto-escritura.
- 👉 Organizar eventos relacionados co mundo do libro: recitais, encontros con autores ou ilustradores...

PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS DO NOSO ALUMNADO:

Primeiro e segundo nivel

- 👉 Len todo os días. Fan lectura comprensiva para favorecer a súa aprendizaxe.
- 👉 A lectura na clase faise de viva voz e colectivamente.
- 👉 Len nos libros globalizados, no libro de lecturas e nos libros da biblioteca de aula.
- 👉 Lectura mínima de 30' minutos diarios de libros da biblioteca de aula.
- 👉 Lecturas colectivas e individuais no libro de texto todo os días.

Identificación de logros e dificultades

Cada día van lendo mellor e con máis velocidade pero cústalles mais en galego, tanto en velocidade como en comprensión, e en Matemáticas especialmente nos enunciados de problemas.

Terceiro e cuarto nivel

- 👉 Libros de texto
- 👉 As lecturas do inicio do tema en linguas.
- 👉 Os textos dos libros de Ciencias sociais e naturais.

- ✔ Lecturas dos libros da biblioteca de aula cando rematan as actividades de clase.
- ✔ Na Hora de Ler, na aula, con lecturas de calquera tipoloxía propias do centro ou de libros traídos da casa.
- ✔ Unha hora á semana fanse lecturas na biblioteca ou, ocasionalmente, algunha máis noutras asignatura.

Identificación de logros e dificultades

- ✔ Falta de vocabulario (máis en galego que en castelá)
- ✔ Maior dificultade nas lecturas en galego.
- ✔ Dificultade na comprensión lectora.

Quinto e sexto nivel

A lectura practícase diariamente e en todas as áreas. Lemos:

- ✔ Libros de texto: para adquirir información sobre os contidos.
- ✔ Actividades: lectura comprensiva na súa realización e na súa corrección oral.
- ✔ Textos (narrativos, poéticos...) : propostos para traballar a composición escrita.
- ✔ Creacións do propio alumnado.
- ✔ Libros de lectura elixidos para a lectura colectiva.
- ✔ Libros da Biblioteca de aula e libros que traen da casa.
- ✔ Imaxes de fotografías, carteis, anuncios publicitarios... en Plástica e Ciencias, principalmente.
- ✔ Novas, artigos... de xornais.
- ✔ Na Hora de ler todo tipos de textos (libros, revistas, cartas, cómics...)

Tempo adicado á lectura:

- ✔ Unha media de 20 minutos en cada sesión de Lingua Castelá, Lingua Galega e Educación para a Cidadanía; de 20 a 30 minutos (depende da sesión) en Ciencias sociais ou naturais; de 10 a 15 minutos en Matemáticas.
- ✔ De 15 a 30 minutos semanais dedicados á lectura colectiva e a outras lecturas relacionadas coas actividades complementarias.
- ✔ 30 minutos diarios na Hora de Ler.
- ✔ 50 minutos semanais na sesión da Biblioteca do colexio.

Identificación de logros e dificultades.

En xeral, na lectura obsérvase falta de ritmo e entoación deficiente; e na comprensión lectora as dificultades atópanse na falta de vocabulario. Estes problemas acentúanse cando os textos están en galego porque se engaden as dificultades na expresión oral.



SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para valorar o efecto deste proxecto é preciso contar con instrumentos específicos que permitan unha continuidade do proceso avaliador.

O punto de partida para a avaliación deste proxecto debe ser unha acta do Claustro que recolla as liñas de actuación fundamentais e os obxectivos e actividades concretos para cada curso (recollidos no Plan anual de lectura), de xeito que avaliar posteriormente sexa una labor facilmente concretable. Para iso faranse dúas sesións anuais de avaliación nos ciclos e no Claustro, a metade e fin de curso.

Os índices de préstamo e lectura (extraídos do Programa Meiga) servirán como primeira referencia, pero tamén a competencia literaria do alumnado á hora de elixir as súas lecturas e de valoralas. A participación voluntaria en actividades tamén será un indicador de avaliación.

Por outra banda, o profesorado e o alumnado cubrirán a final de cada curso unha enquisa elaborada polo Equipo de Biblioteca, de xeito que recibamos un feed back sobre as actividades levadas a cabo e o grao de cumprimento dos obxectivos propostos.

Valoraranse aspectos como:

- ✔ Grao de consecución dos obxectivos.
- ✔ Produción e calidade do traballo xerado.
- ✔ Clima de traballo e metodoloxía empregada.
- ✔ A efectividade e organización das actividades levadas a cabo.
- ✔ Implicación da Comunidade Educativa.
- ✔ Grao de utilización e efectividade dos recursos da biblioteca escolar.
- ✔ Satisfacción do alumnado, do profesorado e das familias.
- ✔ Propostas de modificación e mellora do proxecto.

Tendo todas as achegas en conta, elaborárase unha memoria onde se recolla o resultado do traballo e as propostas de mellora.

A avaliación final estará baseada nos seguintes aspectos:

- Progreso do alumnado en relación a adquisición de hábitos lectores. (cada titor elaborará un informe global da súa titoría)
- Progreso da comprensión lectora .
- Grao de aproveitamento dos recursos do centro.
- Cumprimento do compromiso do profesorado e da colaboración das familias.
- Desenvolvemento das medidas de coordinación.
- Valoración das actividades realizadas
- Propostas de mellora para próximas actuacións.

Anexo:

- Este Proxecto Lector seguirá os trámites para a súa inclusión no PEC:
- Aprobación na Comisión Pedagóxica (25/09/2018)
- Aprobación no Claustro de profesores.
- Avaliación polo Consello Escolar e aprobación pola dirección do Centro.

BIBLIOGRAFÍA

ARELLANO YANGUAS, Villar (2002) Biblioteca y aprendizaje autónomo. Guía didáctica para descubrir, comprender y aprovechar los recursos documentales. Navarra: Gráficas Lizarra.

COLOMER, Teresa (2005). Andar entre libros. La lectura literaria en la escuela. México: Fondo de cultura económica.

COLOMER, Teresa (2010) Introducción a la literatura infantil y juvenil. Madrid: Editorial Síntesis.

DURBAN ROCA, glòria, CID PROLONGO, Ana y GARCÍA GUERRERO, José (2012) Programas para el desarrollo de la competencia informacional articulados desde la biblioteca escolar. Sevilla: Junta de Andalucía.

ILLESCAS, M^a Jesús (2003) Estudiar e investigar en la biblioteca escolar. La formación de usuarios. Navarra: Gráficas Lizarra.

MATA, Juan (2008) Diez ideas claras: hacer de la lectura una práctica feliz, trascendente y deseable. Barcelona: Graó.

SOLÉ, Isabel (2001) Estrategias de lectura. Barcelona: Graó.

LOE. Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. LOMCE. Lei Orgánica 8/2013, de 9 de dicembro, para a mellora da calidade educativa.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/>